



# SISTEMA DE LICITACIÓN ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA (SILEX)

## Requisitos técnicos



## ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN.....	3
1.1.	Acerca desta guía.....	3
1.2.	Axuda .....	3
2.	Requisitos para a presentación de ofertas.....	3
2.1.	Requisitos.....	3
2.2.	Ferramenta de comprobación e preparación do seu equipo .....	¡Error! Marcador no definido.
3.	Contorno de probas.....	4
4.	Problemas coñecidos.....	5
4.1.	Deshabilitar vista de compatibilidade en Microsoft Explorer .....	5
4.2.	Desactivar soporte SSL en Microsoft Explorer .....	7
4.3.	Habilitar o uso de cookies en Google Chrome .....	7
4.4.	Habilitar o uso de Cookies en Firefox.....	8
4.5.	Habilitar o uso de cookies en Internet Explorer .....	9
4.6.	Habilitar o uso de cookies en Microsoft Edge.....	10

## CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE

Este documento é propiedade da Consellería de Facenda. A información contenida no mesmo deberá empregarse exclusivamente para os fins para os que foi xerado.

A reprodución, total ou parcial, por calquera medio ou método, do contido deste documento para un fin distinto ao inicialmente previsto non está autorizado.

## 1. INTRODUCCIÓN

### 1.1. ACERCA DESTA GUÍA.

Este manual explica os requisitos técnicos necesarios para poder presentar ofertas telemáticas a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX).

### 1.2. AXUDA

Para obter soporte técnico, pode poñerse en contacto connosco na seguinte URL:

<https://www.xunta.gal/eservizos/soporte-tecnico/asistente-en-lina>.

ou ben dende a páxina web do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), premendo no enlace inferior "Atención a usuarios".



The screenshot shows the SILEX website interface. At the top, there are logos for Xunta de Galicia, the European Union, and SILEX. The date and time are 7 de Febreiro de 2019, 13:14. The language is set to Galego | Castelán, and the version is v 5.5.5. The main content area is divided into several sections:

- Servizos con certificado:**
  - Preparación e presentación de ofertas
  - Aceso ó contorno de probas
- Servizos sen certificado:**
  - Consulta de licitacións
  - Verificación de xustificantes
  - Verificación de sinatura de ofertas
- Últimos avisos:**

Non hai avisos recentes publicados na plataforma.
- Axuda:**
  - Guía para comezar a licitar
  - Manual de usuario
  - Requisitos técnicos
- Enlaces de interese:**
  - Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (SICON)
  - Xunta Consultiva de Contratación Administrativa
  - Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL)
- Área de descargas:**
  - Ferramenta de licitación SILEX
- Comprobación e preparación do equipo para licitar**

At the bottom, there is a footer with the Xunta de Galicia logo, copyright information, and a link to the legal notice: [Aviso legal | Atención ao usuario](#).

## 2. REQUISITOS PARA A PRESENTACIÓN DE OFERTAS

### 2.1. REQUISITOS PARA LICITAR

Para poder presentar unha oferta telemática en SILEX ten que cumprir os seguintes requisitos:

1. PC con sistema operativo Microsoft Windows 7, 8 ou 10, conexión a Internet e algún dos seguintes navegadores:
  - ✓ Microsoft Internet Explorer 11.
  - ✓ Microsoft Edge, última versión.
  - ✓ Mozilla Firefox, última versión.
  - ✓ Google Chrome, última versión.
2. Ter instalada a Ferramenta de Licitación SILEX que se poderá descargar dende o apartado de enlaces de interese da páxina de inicio de SILEX: [www.conselleriadefacenda.es/silex](http://www.conselleriadefacenda.es/silex).
3. Os usuarios da aplicación deberán dispor de Certificado Dixital recoñecido pola Consellería de Facenda:

<http://www.conselleriadefacenda.es/web/facenda/servizos-e-tramites/ov-perceptores/admision-autoridades-certificadoras>

4. Espazo libre en disco de aproximadamente catro veces o tamaño dos ficheiros que conforman a oferta.
5. Recoméndase que o equipo teña 4Gb de memoria RAM.

## 2.2. INSTALACIÓN DA FERRAMENTA DE LICITACIÓN SILEX

Silex dispón dunha ferramenta que permite obter información sobre a configuración do seu equipo, de forma que poida comprobar se cumpre cos requisitos necesarios.

Para acceder a esta ferramenta acceda a <http://www.conselleriadefacenda.es/silex> e seleccione a opción "Comprobación e preparación do seu equipo para licitar"

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE FACENDA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO  
REGIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"  
UNIÓN EUROPEA

**SILEX**

14 de Febreiro de 2019  
11:59  
Galego | Castellán  
v 5.5.5

**Servizos con certificado**

- Preparación e presentación de ofertas
- Acceso ó contorno de probas

**Servizos sen certificado**

- Consulta de licitacións
- Verificación de xustificantes
- Verificación de sinatura de ofertas

**Últimos avisos**

Non hai avisos recentes publicados na plataforma.

**Axuda**

- Guía para comezar a licitar
- Manual de usuario
- Requisitos técnicos

**Enlaces de interese**

- Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (SICON)
- Xunta Consultiva de Contratación Administrativa
- Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL)

**Área de descargas**

- Ferramenta de licitación SILEX

**Comprobación e preparación do equipo para licitar**

XUNTA DE GALICIA  
© Información mantida e publicada en internet pola Consellería de Facenda  
Aviso legal | Atención ao usuario

Aparecerá unha pantalla onde se listará a configuración actual do seu equipo (sistema operativo, navegador, etc. ...)

**XUNTA DE GALICIA** CONSELLERÍA DE FACENDA **FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REGIONAL** "Unha maneira de facer Europa" **UNIÓN EUROPEA** **SILEX** 14 de Febreiro de 2019 12:00 Galego | Castelán v 5.5.5

Inicio / Comprobación e preparación do seu equipo

**Requisitos necesarios para poder presentar ofertas telemáticas**

- Ter instalada a Ferramenta de licitación SILEX.
- Ter algún dos certificados dixitais admitidos pola Consellería de Facenda.
- Dispoñer dun ordenador cos requisitos técnicos adecuados para o correcto funcionamento do sistema.

**IMPORTANTE:** Recoméndase presentar unha oferta na contorna de probas para verificar o correcto funcionamento do equipo.

**Información da configuración do seu equipo**

Correcto Incorrecto Non se puido verificar

Compoñente	Valores homologados	Valor detectado	Estado
Sistema operativo	Windows 7 / Windows 8 / Windows 10	Microsoft Corporation. - Windows	✓
Navegador	Internet Explorer 11, Edge, Firefox e Chrome	Chrome- 72	✓
Javascript	Consulte o documento de <a href="#">requisitos técnicos</a> para habilitar javascript	Habilitado	✓
Cookies	Consulte o documento de <a href="#">requisitos técnicos</a> para habilitar cookies	Habilitado	✓
Ferramenta de licitación SILEX	Para poder asinar e presentar dixitalmente as ofertas no SILEX é necesario ter instalada a <a href="#">Ferramenta de licitación SILEX</a> .	Instalado	✓

Preparación e presentación de ofertas Acceso ó contorno de probas

© Información mantida e publicada en internet pola Consellería de Facenda  
Aviso legal | Atención ao usuario

### 3. CONTORNO DE PROBAS

Para asegurar que o seu equipo está listo para licitar electronicamente, pode presentar unha oferta nalgún dos expedientes ficticios publicados no contorno de probas. Lembrámoslle que as ofertas presentadas nesta contorna non teñen ningunha validez legal e que os documentos achegados non deben ser as ofertas reais.

Para simular a presentación dunha oferta pulsamos en "Acceso o contorno de probas". Para indicarnos que estamos na contorna de probas, aparecerá en pantalla unha barra superior de cor vermella co aviso "CONTORNO DE PROBAS".

**Servizos con certificado**

- Preparación e presentación de ofertas
- Acceso ó contorno de probas


**Axuda**

- Guía para comezar a licitar
- Manual de usuario
- Requisitos técnicos

### 4. PROBLEMAS COÑECIDOS


#### 4.1. DESHABILITAR VISTA DE COMPATIBILIDADE EN MICROSOFT EXPLORER

Se ten activada a vista de compatibilidade en Microsoft Internet Explorer é necesario comproba que a URL "\*.conselleriadefacenda.es", non esta incluída. Para iso acceda á opción Ferramentas/Configuración de vista de compatibilidade e comprobe as urls que ten incluídas na lista "sitios web que agregou á vista de compatibilidade". Para eliminar da lista a URL "\*.conselleriadefacenda.es", selecciónea e pulse o botón Quitar.




## 4.2. DESACTIVAR SOPORTE SSL EN MICROSOFT EXPLORER

Se ao identificarse co seu certificado dixital, Internet Explorer mostra un aviso de que non pode mostrar a páxina, revise a súa configuración seleccionando Ferramentas / Opcións da internet e en opcións avanzadas deshabilite as opcións Usar SSL 2.0 e SSL 3.0.




## 4.3. HABILITAR O USO DE COOKIES EN GOOGLE CHROME


As cookies están habilitadas por defecto no navegador, para comprobar a configuración faga clic na icona da parte superior dereita do navegador e seleccione configuración. Na barra de busca superior introduza o texto "configuración de contido".



Dentro dos resultados da procura seleccione a opción "Configuración de contido" e abra a opción "cookies".



Comprobe que está seleccionada a opción "Permitir que os sitios web garden e lean datos de cookies (recomendado)".




#### 4.4. HABILITAR O USO DE COOKIES EN FIREFOX

As cookies están habilitadas por defecto no navegador, para comprobar a configuración faga clic no botón menú da parte superior dereita e seleccione opcións. Seleccione o panel "Privacidade e seguridade" e vaia á sección Historial e no combo elixa a opción "Usar unha configuración personalizada para o historial".


Comprobe que estea marcada a opción de "Aceptar cookies", así como que o combo "Aceptar as cookies de terceiras partes" teña o valor "Sempre".





#### 4.5. HABILITAR O USO DE COOKIES EN INTERNET EXPLORER

Seleccione o botón ferramentas e despois opcións de internet. Seleccione a pestana "Privacidade", en Configuración mova o control deslizante ata o final para permitilas todas e selecciona Aceptar.



#### 4.6. HABILITAR O USO DE COOKIES EN MICROSOFT EDGE

Faga clic en máis accións e logo seleccione Configuración. Seleccione configuración avanzada e vaia a privacidad e servizos. Nesta pantalla seleccione "non bloquear as cookies".